

## Área de Igualdade da Deputación Provincial

### **“8M, Mes a Mes”**

Ao igual que no pasado mes de Abril, na área de Igualdade, o día 8 faremos un recoñecemento especial en honra ás mulleres con profesións altamente masculinizadas ou de gran relevancia ao longo da historia. Deste xeito, búscase promover durante todo o ano a importancia das mulleres e o seu traballo. Faremos referencia a ditas profesións con figuras da provincia.

Neste 8 de Maio faremos referencia á muller artesán baixo o lema: “ A (Arte)sanía da Muller”.

A figura seleccionada da provincia para a súa representación é Inés Rodríguez, natural de Ourense. Artesana do ámbito textil que abarca a fusión entre a tradición e a innovación, no seu propio estudio situado en Allariz. Recoñecida con diversos premios no seu ámbito a nivel empresarial, de produto, deseño...

Ela mesma engadiu: “O meu traballo mestura a creatividade coa tradición artesán, o deseño e innovación para que a nosa cultura non se perda e evolucione cara o futuro mantendo a súa esencia. As profesións creativas e culturais son necesarias tamén nun medio rural vivo e poden ser unha oportunidade de traballo para moitas persoas, especialmente mulleres.”

En referencia ao traballo realizado por Inés, unha gran figura de referencia para as novas mulleres artesáns no sector, engadimos o enlace a dous vídeos explicativos:

<https://www.youtube.com/watch?v=yFWI9j1fKe8>

<https://vimeo.com/844199357>



Imaxe: Inés Rodríguez, no seu estudio textil en Allariz

#igualOUU